

## INFORMACIÓN DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO 2025/2026

<p>Presentación de solicitudes de RESERVA para cursar estudos de bacharelato no centro de adscrición (IES ILLA DE TAMBO) Preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado ED550A dispoñible no centro, na aplicación <a href="https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado">https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado</a> ou na <a href="https://sede.xunta.gal">Sede Electrónica</a> da Xunta de Galicia (<a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>)</p>	<b>Do 15 de xaneiro ao 4 de febreiro</b>
<p><b>Publicación da listaxe</b> de alumnado con posto reservado no centro de adscrición</p>	<b>22 de febreiro</b>
<p><b><u>Presentación de solicitudes de admisión</u></b></p> <p>Preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado ED550B dispoñible no centro, na aplicación <a href="https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado">admisionalumnado</a> e na <a href="https://sede.xunta.gal">Sede Electrónica</a> da Xunta de Galicia (<a href="https://sede.xunta.gal">https://sede.xunta.gal</a>)</p>	<b>Do 1 ao 20 de marzo</b>
<p><b>Presentación de documentación xustificativa</b> dos criterios de admisión. (Só no caso de ter que baremar)</p>	<b>Do 21 de marzo ao 03 de abril</b>
<p><b>Listaxes provisionais.</b> Poderanse consultar no taboleiro interior do centro en cumprimento da normativa de protección de datos, e a través da aplicación ADMISIONALUMNADO con Chave365 ou certificado dixital</p>	<b>25 DE ABRIL</b>
<p><b>RECLAMACIÓNS</b> contra as listaxes provisionais ante a persoa titular do centro. (Art. 35 da Orde do 21 outubro de 2022)</p>	<b>5 días hábiles</b> posteriores á publicación da listaxe
<p><b>Listaxes definitivas.</b> Poderanse consultar no taboleiro interior do centro en cumprimento da normativa de protección de datos, e a través da aplicación ADMISIONALUMNADO con Chave365 ou certificado dixital</p>	<b>15 DE MAIO</b>
<p><b>RECLAMACIÓNS</b> contra as listaxes definitivas ante a persoa titular da Xefatura Territorial (Art. 36 da Orde 21 outubro de 2022)</p>	<b>1 MES</b> contado a partir do día seguinte á publicación da listaxe definitiva
<p>Formalización da <b>matrícula</b> en Educación <b>Infantil e Primaria.</b></p>	<b>DO 20 AO 30 DE XUÑO</b>
<p>Formalización da <b>matrícula</b> en <b>ESO e Bacharelato.</b></p>	<b>DO 23 DE XUÑO AO 7 DE XULLO</b>

## **NOTA INFORMATIVA**

**(Artigo 5.2 da Orde do 21 de outubro de 2022):**

1º. Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Poderase presentar renuncia expresa a unha solicitude de admisión, presentando unha nova solicitude para outro centro dentro do prazo establecido e **marcando o recadro correspondente** da nova solicitude.

2º. O alumnado que teña **prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición** pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º. En todo caso, **a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante**. A súa presentación **implica que son certos os datos indicados** nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada (data límite para presentar renuncia: 28 de febreiro, este incluído), poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

A matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicará **respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado**.

- **CENTRO DE ADSCRICIÓN: IES ILLA DE TAMBO (Para Bacharelato)**.

Conforme ao indicado no artigo 24 da Orde do 21 de outubro de 2022, que regula do procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, a titularidade do centro, mantén o acordo adoptado polo consello escolar na reunión celebrada o 05 de febreiro de 2013, no tocante ao Criterio Complementario:

<b><u>CRITERIO COMPLEMENTARIO</u></b>	<b><u>PUNTUACIÓN</u></b>	<b><u>FORMA DE ACREDITACIÓN</u></b>
“Que un dos proxenitores ou titores legais do alumno sexa antigo alumno do centro”.	1 punto	Mediante calquera documento académico válido que o acredite (certificado de estudos, boletín de notas, libro de escolaridade ...)

### **NORMATIVA:**

- [Orde do 21 de outubro de 2022 \(DOG nº 212 do 8 de novembro de 2022\)](#)
- [Decreto 13/2022 do 3 de febreiro \(DOG nº 29 do 11/02/2022\)](#)
- [Corrección de erros DOG nº 51 do 14 de marzo de 2023](#)